

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL PARA A ADECUACIÓN DA “AREA RECREATIVA DE MOGOXE”.**

**REUNIDOS**

Por unha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, María Dolores Castro Ochoa, Alcaldesa Presidenta do Concello de Folgoso do Courel, actuando en virtude das facultades representativas que le atribúe o artigo 21.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e do acordado polo Pleno deste.

Todas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade legal para obrigarse e outorgar o presente convenio de colaboración, e a tal efecto

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co



obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

**Segundo.-** Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante, CMATV) ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; a ordenación, conservación, protección, fomento e o aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais; a divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xeografía da Comunidade Autónoma galega, así como o desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural; a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

**Terceiro.-** Que o Concello de Folgoso do Courel exerce igualmente competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, entre outras, en materia de medio ambiente, conforme recolle a Lei 5/1997, do 22 de xullo de réxime local de Galicia (artigo 80.2.f).



**Cuarto.-** Que o proxecto de construción dunha área recreativa á beira do río Lor no lugar de Mogoxe, Concello de Folgoso do Courel, ten como finalidade a creación dun destino turístico que permitiría dotar ao municipio dunha zona de baño e lecer que complemente o atractivo fundamental da zona, que é o seu patrimonio natural e etnográfico.

O Concello do Courel foi obxecto de múltiples actuacións no pasado converténdoo nunha referencia turística en turismo interior e de natureza.

Para consolidar o atractivo turístico é necesario ampliar a oferta, cubrindo os meses de verán con actividades atractivas para as familias visitantes polo que dende a Axencia de Turismo de Galicia son fundamentais as actuacións na liña indicada.

Dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o concello do Courel reúne uns importantes recursos na materia de Patrimonio Natural, xa que forma parte da ZEC Ancares-Courel incluída na Rede Natura 2000, está incluída na proposta da Reserva da Biosfera da Ribeira Sacra, incluída no Xeoparque Mundial da UNESCO “Montañas do Courel”, sendo o segundo concello de toda Galicia en superficie municipal incluída en espazos protexidos.

Así as accións incluídas no presente convenio constitúen unha actuación paradigmática na dinamización do uso público e recreativo nos espazos protexidos de Galicia e complementan a Aula da Natureza que se mantén operativa no Courel.

Así o proxecto “Área Recreativa de Mogoxe” supón converter este espazo público nun eixe de turismo interior e o acondicionamento deste espazo á beira do río Lor, permitirá que se converta nunha área de grande interese social fomentando o respecto polo medio natural.

O aproveitamento deste espazo, pretende dar resposta aos seguintes obxectivos:

- Fomentar actividades económicas e de creación de empregos estabilizando a poboación local
- Potenciar actividades alternativas: culturais, educativas ou recreativas
- Incorporar as infraestruturas en desuso ao equipamento social co obxecto de complementar outros desenvolvementos alternativos, turísticos, uso público

Por todo o anterior, entendendo o convenio como acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en



consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adopción dos compromisos incluídos.

**Quinto.-** Que a parcela obxecto das obras deste proxecto se atopa no lugar de Mogoxe, con referencia catastral nº 27017A028009320000BZ e unha superficie total de 5.417 m<sup>2</sup>

De acordo co inventario do patrimonio municipal a parcela é de propiedade municipal existindo dispoñibilidade para licitar e executar as obras. As actuacións complementarias de creación dunha parada de transporte público desenvólvese en terreos de carácter público propiedade das administracións titulares das estradas.

O concello de Folgoso do Courel cumpre con todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario e cumpre co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio de acordo co artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

**Sexto.-** Que é desexo da Axencia de Turismo de Galicia, a CMATV, a e o Concello do Folgoso do Courel establecer esta colaboración para a creación da area recreativa á beira do río Lor, a medio camiño entre Folgoso e Seoane, a carón da estrada LU 651 que vertebra o municipio, no cruce coa estrada provincial que accede Sobredo e Seceda, no prado de Mogoxe, de recente adquisición por parte do concello.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e conforme ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración técnica e económica entre a Axencia de Turismo de Galicia, a CMATV e o Concello de Folgoso do Courel para a adecuación da “Área recreativa de Mogoxe”.



2. As actuacións previstas intenta dar resposta aos seguintes obxectivos:

- Promover o valor natural e paisaxístico do Concello de Folgoso do Courel.
- Potenciar a sensibilización e a educación ambiental dos valores naturais e a diversidade do ecosistema do río Lor.
- Acondicionar ambientalmente o espazo do prado de Mogoxe aproveitando a diversidade e singularidade desde espazo natural.
- Crear as condicións e infraestruturas necesarias para garantir a fixación da poboación e posibilitar a xeración de actividade económica.

### **Segunda.- Actuacións a realizar**

As actuacións a realizar no prado de Mogoxe para crear a “Área recreativa de Mogoxe”, son as seguintes:

- Execución do proxecto e obra da Área recreativa de Mogoxe
- Adecuar a zona de parada para transporte público na marxe da estrada autonómica.
- Construción adosada ao muro de pedra da estrada, dunha rampla de acceso en madeira.
- Crear dúas zonas específicas para xogos: unha pista de volei-praia e unha zona para a futura instalación dun parque infantil.
- Colocar mesas con bancos de lousa e a plantación de árbores.

### **Terceira.- Obrigas das partes**

A Axencia Turismo de Galicia e a CMATV obríganse a realizar a achega económica establecida na cláusula cuarta, nos termos alí establecidos.

O Concello de Folgoso do Courel obrígase a:

- a) Contratar o proxecto básico e de execución e a dirección de obra, de execución e seguridade e saúde.
- b) A achega dos terreos necesarios para executar este proxecto





- c) Tramitar os permisos e as autorizacións necesarias para a execución do proxecto e para a posta en funcionamento e apertura ó público da área recreativa unha vez concluídas as obras.
- d) O mantemento en perfecto estado de conservación deste espazo de uso público.
- e) Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- f) Destinar a Area recreativa de Mogoxe ó uso xeral e público para o cumprimento dos fins expostos no punto cuarto deste convenio.
- g) Contribuír ós custos de execución das obras cun total de noventa e nove mil seiscientos corenta e dous euros e noventa e tres céntimos de euros (99.642,93€).

#### Cuarta.- Financiamento

O orzamento para a execución das actuacións previstas neste convenio é de trescentos noventa e nove mil seiscientos corenta e dous euros e noventa e tres céntimos de euros (399.642,93€).

A Xunta de Galicia achega un total de trescentos mil euros (300.000€) que se reparte nun 50% entre a Axencia Turismo de Galicia e a CMATV.

O Concello de Folgoso do Courel asume con cargo ós orzamentos de gastos da corporación local, un total de noventa e nove mil seiscientos corenta e dous euros e noventa e tres céntimos de euros (99.642,93€) que se destinan a gastos derivados da obra de execución da area recreativa.

#### ORZAMENTO XERAL

Concepto	Base (€)	IVE (€)	Total (€)
Orzamento base de licitación	308.775,41	64.842,84	373.618,25
Honorarios facultativos	21.508,00	4.516,68	26.024,68
Orzamento xeral	330.283,41	69.359,52	<b>399.642,93</b>





## FINANCIACIÓN

Anualidade	2021	2022	Total (€)
Axencia Turismo de Galicia	150.000,00€	0,00	150.000,00€
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	150.000,00€	0,00	150.000,00€
Concello de Folgoso do Courel	39.857,17€	59.785,76€	99.642,93€
<b>Total</b>	<b>339.857,17€</b>	<b>59.785,76€</b>	<b>399.642,93€</b>

A Axencia Turismo de Galicia achega ao presente convenio a cantidade de cento cincuenta mil euros (150.000€) con cargo á aplicación 05.A2.761A.760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, código de proxecto 2015 00006.

Pola súa parte a CMATV achega a cantidade de cento cincuenta mil euros (150.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.541B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, código de proxecto 2015 00241, "Infraestruturas de saneamento, protección e mellora do medio ambiente".

### Quinta.- Réxime de xustificación

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En consecuencia o concello de Folgoso do Courel, na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e licitar a obra para a creación da Área Recreativa de Mogoxe, conforme ó proxecto básico de execución.

2º. Xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia e a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.



3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará as consellerías implicadas neste convenio así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á Axencia de Turismo de Galicia e á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, o concello asume como beneficiaria as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a Axencia de Turismo de Galicia e a CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

2º. Só se considerarán gastos subvencionables, en virtude do disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividade subvencionable, de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula cuarta e que se realicen no período comprendido dende o día seguinte ao da sinatura deste convenio e estean efectivamente pagados pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O prazo para presentar a documentación xustificativa previa ó pagamento, establécese no día 31 de outubro do 2022.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.



No tocante ao imposto sobre o valor engadido, non é subvencionable cando é recuperable. Os concellos e demais entidades de dereito público non teñen a consideración de suxeito pasivo, nos termos previstos no artigo 13, número 1 da Directiva 2006/112/CE do Consello, polo que o IVE soportado por estes se considerará subvencionable.

3º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

4º. Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia e á CMATV, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.

5º. Reintegrar, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

### **Conta xustificativa**

Conforme co artigo 28 da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (rendición da conta xustificativa), o concello de Folgoso do Courel presentará a conta xustificativa da realización do obxecto deste convenio á Axencia de Turismo de Galicia e á CMATV que conterà, de conformidade co disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:



**1) Memoria da actuación xustificativa das actuacións realizadas cara á creación da Area Recreativa de Mogoxe.**

**2) Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:**

**2.1.** Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da persoa que exerza a alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- a) O cumprimento da finalidade da subvención.
- b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na conta xustificativa da subvención.
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- f) Certificado da secretaría ou intervención onde se sinala que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do concello beneficiario.
- g) Unha reportaxe fotográfica na que se constate a realización dos traballos de construción para a creación da Área Recreativa de Mogoxe, sen prexuízo da comprobación material que podan realizar as propias consellerías.
- h) Indicarase o número de conta para o ingreso dos fondos ó que se xuntará unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.



i) Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A contribución económica da Xunta de Galicia minorarase de forma proporcional no caso de que o concello de Folgoso do Courel non xustifique o importe do presente convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

**2.2.** Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe da persoa que exerza a alcaldía, expresiva de que a licitación e a contratación das obras se realiza de acordo co procedemento establecido pola vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### **Sexta.- Pagamentos anticipados e a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e por importe máximo do 100% da subvención concedida, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, de acordo co artigo 63.1. Dous do citado Decreto 11/2009 tendo que remitir a documentación xustificativa, establecida na cláusula anterior, como máximo o día 31 de outubro de 2022.

Non obstante o anterior, terase que acreditar que o gasto relativo á contía anticipada, foi realizado e pagado no ano 2021 para a anualidade adiantada de 2021 e no ano 2022 para o anticipo da anualidade de 2022.

Conforme ao artigo 65.4.c) do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o concello de Folgoso do Courel queda exonerado da constitución de garantía.



Así mesmo, poderá realizarse pagamentos a conta conforme ao que establece o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución da obras subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada e previa a remisión da documentación xustificativa establecida na cláusula anterior no prazo máximo, para a anualidade de 2021, o día 30 de novembro de 2021.

### **Sétima.- Modificacións do convenio**

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula cuarta de trescentos mil euros (300.000€) correspondentes á achega da Xunta de Galicia.

### **Oitava.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes de cada institución que se ocupará de levar a termo as estipulacións deste convenio.

Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.



#### **Novena.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se poida acordar a súa prórroga antes da finalización desa data. O prazo de execución das actuacións previstas neste convenio será o que se defina nos procesos de contratación que se realicen.

#### **Décima.- Causas de extinción**

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscripción do mesmo.

#### **Undécima. Natureza e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición. En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

#### **Décimo segunda.- Publicidade**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).



### **Décimo terceira.- Relación laboral**

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

### **Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

De conformidade por canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes e obrigando con iso ás administracións que representan, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia

D. Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente

Polo Concello de Folgoso do  
Courel

D<sup>a</sup>. María Dolores Castro Ochoa  
Alcaldesa-Presidenta

Pola Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Vivenda

D<sup>a</sup>. Angeles Vázquez Mejuto  
Conselleira

